

MEDIA MARATÓN **CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2024**

INFORMACIÓN BÁSICA

Data: Domingo, 24 de novembro de 2024 Hora: 10:30 h
Lugar: Av. da Mariña, na explanada do auditorio, en Vilagarcía de Arousa.
Distancia: 21.097,50 metros homologados pola Real Federación Española de Atletismo
Inscripción: www.carreirasgalegas.com
Información: www.atletismo.gal e www.carreirasgalegas.com

A Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía e o Concello de Vilagarcía de Arousa organizan, **o domingo día 24 de novembro de 2024**, a partir das 10:30 horas, a **Media Maratón Concello de Vilagarcía 2024** que nesta edición será a súa vez Campionato Xunta de Galicia de Medio Maratón 2024.

As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e estarán suxeitas ao seguinte:

REGULAMENTO

1.- Horario e Lugar:

A saída darase da Avenida da Mariña da localidade de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas. A carpa de organización estará ubicada na explanada do auditorio municipal.

2.- Participantes:

Nesta proba poderán participar todas aquelas persoas que teñan cumpridos 18 anos o día da mesma, estean ou non federadas, habendo unha única clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do comité galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo. Os/as participantes deben cumprir as condicións de participación e inscrición reflectidas no presente regulamento.

Participación de atletas doutras federacións autonómicas e estranxeiros/as
Esta carreira está incluída no calendario autonómico da Federación Galega de Atletismo, polo cal a participación de atletas estranxeiros e doutras federacións autonómicas rexerá de acordo co disposto na sección terceira, artigos 16, 17 e 18 do regulamento de competicións da Real Federación Española de Atletismo, que se pode consultar na seguinte ligazón:

<https://atletismorfea.es/sites/default/files/2024-03/Reglamento%20de%20Competición.pdf>

A Organización, de acordo coa normativa RFEA e previo informe da FGA, rexeitará a inscrición dos/as corredores/as federados/as doutras federacións autonómicas que excedan os límites fixados pola RFEA.

Aqueles/as atletas que, sabendo da súa imposibilidade para participar nesta proba, proporcionen datos falsos para poder facelo, serán descualificados/as.

3.- Categorías de participación

Establécense as seguintes categorías de participación:

CATEGORIAS	ANOS
Sub 20	2005 – 2006
Sub 23	2002 – 2003 – 2004
Sénior	De 2001 ata 34 anos
Máster 1	De 35 a 39 anos
Máster 2	De 40 a 49 anos
Máster 3	De 50 a 59 anos
Máster 4	60 anos e superiores

4.- Inscricións, prezos e prazos:

A inscrición para todas as categorías farase a través da páxina web <http://www.carreirasgalegas.com> ata as 23:59 horas do 20 de novembro de 2024. Non se admitirán inscricións fóra dese prazo.

O prezo da inscrición será variable en función dos seguintes prazos:

- Ata o 10 de novembro: **15 €**
- Do 11 ao 20 de novembro: **20 €**

A inscrición da carreira é persoal e intransferible. Baixo ningún concepto, unha vez feita a inscrición, poderase transferir a participación a outra persoa, amigo/a ou familiar por mor de non poder acudir o día da proba.

5.- Entrega de dorsais-chips:

A entrega de dorsais-chips realizarase o sábado 23 de 18:00 a 20:00h no auditorio municipal ou o mesmo día da proba, na explanada do auditorio municipal dende as **8:30am** e ata 45 minutos antes do inicio da proba.

Os dorsais-chips son persoais e intransferibles. Deberán levarse na parte anterior do corpo, de xeito totalmente visible. Todo/a corredor/a que entre en meta sen este elemento será automaticamente descualificado/a a criterio do xuíz árbitro da competición.

6.- Percorrido:

O circuito está homologado pola R.F.E.A. para a distancia de medio maratón, e terá unha lonxitude total de 21.097,50 metros que se completará con 3 voltas (unha pequena de 1351m e dúas voltas ao circuito), sendo este urbano, asfaltado e pechado ao tráfico.

Cada quilómetro estará sinalizado visualmente.

7.- Tempo límite para rematar a proba:

Establecerase un tempo límite de entrada en meta de 2 horas e 30 minutos. Todo corredor/a que supere este tempo será retirado de competición sen posibilidade de entrar na clasificación final.

8.- Avituallamentos:

Estableceranse 3 puntos de avituallamento líquido no percorrido (km 5, 10 e 15 aprox.) e un punto líquido e sólido en liña de meta.

9.- Premios e agasallos:

Todos/as os/as participantes na Media Maratón Concello de Vilagarcía 2024 recibirán un agasallo técnico, sendo preciso que se atopen inscritos/as na proba popular a través de www.carreirasgalegas.com. De xeito contrario, non terán acceso aos premios e agasallos desta.

TROFEOS

Recibirán trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as absolutos/as da proba, así como os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento. A maiores entregaranse trofeos os /as tres primeiros/as clasificados/as locais (empadroados/as no Concello de Vilagarcía).

Poderá requirírselle o DNI a calquera atleta premiado para a comprobación dos seus datos persoais.

PREMIOS ECONÓMICOS A CLUBS

1º Club federado masculino: **150 €**
2º Club federado masculino: **100 €**
3º Club federado masculino: **50 €**

1º Club federado feminino: **150 €**
2º Club federado feminino: **100 €**
3º Club federado feminino: **50 €**

A clasificación por clubs será establecida a través dos 3 primeiros/as corredores/as en cruzar a liña de meta (dos cales só un/unha pode ser estranxeiro/a), pola suma dos seus tempos, gañando o equipo que menos tempo obteña. Os clubs poderán ser masculinos ou femininos, pero non poderán ser mixtos.

Tomarán parte da clasificación por clubs, unicamente, clubs federados compostos por atletas con licenza en vigor por dito club.

Os premios serán aboados a través de transferencia bancaria, para o cal os equipos gañadores terán que facilitar os datos bancarios e persoais (CIF e DNI do representante) unha vez finalizada a carreira.

A entrega de premios terá lugar no auditorio municipal e comezará ás 13:00 horas.

10.- Retirada do circuío polos servizos médicos ou organización

Os servizos médico da competición, ou o Persoal da Organización, están facultados para retirar da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.

11.- Descualificacións:

Serán descualificados/as sempre a criterio do xuíz árbitro da competición:

- Aqueles/as corredores/as que alteren os datos facilitados á organización con respecto aos que figuran no seu D.N.I.
- Non realizar o percorrido completo.
- Non ter dorsal-chip, ou manipular a súa publicidade.
- Manifestar un comportamento antideportivo.

12.- Duchas e vestiarios:

Haberá servizo de duchas tanto no auditorio (a carón da saída) coma no pavillón de deportes Náuticos e Fexdega.

13.- Todo o non presente neste regulamento, resolverase co Regulamento da FGA, RFEA e a World Athletics en vigor, por esta orde.

14.- Condicións de participación:

As persoas participantes comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas á vontade da organización. A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que aquí se expoñen:

- Exime de toda responsabilidade á organización que puidera derivar da súa participación no evento (Exemplos: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, perigo de lesión, agresións,...).
- Autoriza á organización para que trate automaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial a utilización dos seus datos persoais e a súa imaxe en publicacións, carteis, clasificacións,. para a promoción do evento. De acordo co que se establece na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, da Protección de Datos de Carácter Persoal, o participante ten dereito de acceder a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de xeito total ou parcial o seu contido.

Para facelo deberá solicitalo por escrito ó domicilio social C/ Praza Ravella Nº 1 C.P. 36.605 Vilagarcía de Arousa ou mediante correo electrónico a Fdeportes@vilagarcia.gal

A Organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, aceptarase o que dispoña a organización.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ránking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo.